



PATRIMONIO
ETNOGRÁFICO



Herdanza viva:
tradición oral,
camiños xacobeos, vías culturais
e históricas testemuñas da
identidade popular

O patrimonio etnográfico comprende un amplo espectro de elementos culturais, tanto materiais como inmateriais, que reflicten a historia e os costumes dun grupo humano. Exemplos de patrimonio etnográfico inclúen a lingua, a literatura, a música, a danza, os xogos, as festas populares, a gastronomía, a artesanía, a arquitectura tradicional e as prácticas culturais transmitidas de xeración en xeración. O patrimonio etnográfico, tanto o material como o inmaterial do concello de Teo é notable. Un legado cultural de gran valor, como é o feito de ser lugar de paso de importantes vías culturais e históricas, tales como o Camiño portugués, o Camiño da Geira e dos Arrieros e a Batalla de Cacheiras, ou as peculiaridades deste municipio cunha vinculación moi forte co mundo cabalar, feiras gandeiras, entroido onde o cabalo xoga un papel primordial.

Fontes, lavadoiros, horreos, muiños, pombais, evidencian unha arquitectura popular directamente relacionada coa economía agraria e a vida labrega. Conta con coutos de pesca fluvial sen morte ó longo do río Ulla que aínda conserva pesqueiras de grande interese etnográfico así como a burga de Xermeade que representa o berce do turismo teense. Eventos gastronómicos, festivos e musicais acontecen no municipio durante todo o ano. Sen esquecer as múltiples manifestacións relacionadas coa tradición oral, o chamado patrimonio intanxible: lendas, crenzas, costumes e rituais enraizados en tempos pretéritos e que case milagrosamente chegaron ós nosos días e que aínda se conservan en determinados enclaves espallados por todo o termo municipal.

FEIRA CABALAR DO SAN MARTIÑO DE FRANCOS

Cada 11 de novembro celébrase na Carballeira de Francos (Calo) a Feira do San Martiño, que constitúe o principal evento económico, cultural e social na historia do noso concello. Este evento aínda mantén a esencia e elementos propios das antigas feiras tradicionais: o mercado e a romaría popular, con personaxes como as polbeiras, os tratantes de gando etc. Ademais segue a ser punto de encontro do mundo ecuestre e unha importante manifestación da tradición e cultura popular, de gran significación en toda a comarca e, en especial, para todas as persoas de Teo.

A Feira Cabalar do San Martiño de Francos figura documentada xa no século XVI. A existencia desta feira testemúñase por primeira vez no ano 1557. A feira, en novembro, pechaba un calendario anual para os tratantes de gando. Inicialmente dous días e facíase nun campo que cedera o conde de Altamira, parte do que hoxe é a carballeira que segue a ser o escenario da feira.

*Con 500 anos
de historia, é unha
das feiras de gando máis
antigas de Galicia que aínda
conserva a tradición*



Había trato de gando maior e menor pero tamén de panos, mercería (tecidos de liño e fiados para adornar prendas), ferramentas etc.

O éxito debeu ser inmediato, porque xa nos primeiros anos da súa celebración constan queixas da vila de Padrón pola diminución dos seus ingresos. Francos convertíase na capital da comarca e recibía tratantes e comerciantes de boa parte da península ibérica.

O San Martiño tiña todos os ingredientes que hoxe atribuímos ás feiras tradicionais (sen a festa relixiosa): trato de gando, feira labrega e romaría popular, cos espectáculos típicos da época.

Cincocentos anos despois da súa orixe, San Martiño segue a ser, sobre todo, unha feira cabalar, mais tamén unha importante manifestación da tradición e cultura popular. Cada ano xunta na carballeira miles de persoas que, ademais do atractivo da venda de gando, acoden fieis ás carpas de polbo e doutros produtos artesáns.



☞ Páx anterior: Feira cabalar do San Martiño. Foto de Noel Feans.

☞ Barraca da Barriga verde, espectáculo de monicreques (arriba).

☞ Degustación do polbo (centro).

☞ Imaxe panorámica da afluencia de público (abaixo).



Declarado
Ben de Interese
Cultural como patrimonio
imaterial no 2025 dentro do
conxunto do Entroido galego,
goza tamén do recoñecemento
de Festa de Interese
Turístico de Galicia.

ENTROIDO RURAL-TRADICIONAL DOS XENERAIS DA ULLA

Este singular Entroido celébrase en oito concellos da comarca do Ulla dende o s. XIX, como resposta satírica ao convulso período vivido ao inicio do século, marcado pola Guerra de Independencia, os levantamentos militares, as guerras carlistas (co Ulla como un importante foco do carlismo) e a Revolución de 1846. A literatura popular e a música son as partes máis importantes do patrimonio inmaterial da tradición oral dos Xenerais da Ulla nas que destacan os "vivas" e as coplas. Os "vivas" expresan un desexo de vida, sorte e prosperidade para unha casa ou un grupo delas, eloxiando a todos os seus residentes. As coplas son a 'arma dialéctica' que usan as tropas nos 'atranques', disputas verbais por parellas montadas a cabalo cheas de sátira e ironía. Normalmente son composicións de catro versos octosilábicos de rima asonante escritas en galego, castelán ou nas que se mesturan ambos os idiomas

Ademáis, o entroido de Teo conta con algunhas singularidades como o coro infantil de Cacheiras ou o demo de Rei, un demo cun traxe de pelo e unha máscara terrorífica que anima a festa persiguendo e asustando á veciñanza ca súa vara de dúas puntas.

📖 Coro de bonito. Foto do AMT.


📖 Páx anterior. Xeneral a cabalo con tricornio. Foto do AMT.



Teo é tamén un concello xacobeo, atravesado por varias rutas de peregrinación e con enclaves importantes como o lugar de Rúa de Francos no tramo teense do Camiño Portugués.

TEO XACOBEO

Entre as vías de peregrinación xacobeas a Compostela unha das máis afamadas é o Camiño de Santiago Portugués, con inicio en Lisboa, aínda que na actualidade os principais portos de partida son Porto e Tui. O tramo teense pertence á última etapa. 6 km que se inician no albergue público de peregrinos de Teo e rematan nas Galanas. A ruta está sinalizada e conta con sinais interpretativos (audioguías). No traxecto atópanse elementos patrimoniais moi relevantes como a antiga Pousada da Areeira, a fonte das Barreiras, as pontes da Pedreira e de Paradela ou a aldea de Rúa de Francos, o núcleo xacobeo por excelencia do municipio. Aquí está tamén o cruceiro gótico de Francos, grande icona do camiño e a capela do Espírito Santo, na que é posible selar a credencial da peregrinación polo Camiño Portugués no verán. A 1 km deste fermoso conxunto patrimonial están outros dos lugares máis emblemáticos desta vía xacobeas: o castro Lupario, onde a tradición xacobeas sitúa a morada da raíña Lupa e a 300 metros a pontella de Paradela sobre o Río Tinto.



VÍA CULTURAL: CAMIÑO DA GEIRA E DOS ARRIEIRO S BRAGA-SANTIAGO

Vía cultural identificada como a ruta tradicional que utilizaban os "arrieiros" para traer viño da Ribeira Sacra. Recoñecida tamén como ruta xacobeas polo Cabildo da catedral de Santiago, o que permite obter a "compostela", a credencial que acredita a peregrinación. Este camiño foi utilizado tamén polas tropas do Xeneral de la Concha o día 23 de abril do 1846 para enfrontarse co bando de sublevados na Batalla de Cacheiras.



☒ Ponte medieval de Pontevea (arriba). Fotos do AMT

☒ Camiño da Geira, fraga de Sestelo.

☒ Muíño do río Sestelo.

☒ Carballreira de Francos (arriba).

☒ San Antonio da Areeira (abaixo).

Ao longo do territorio atopamos numerosos lavadoiros, lugares destinados a lavar a roupa antes da chegada das lavadoras. Eran construcións públicas de uso colectivo preto das fontes que, ademais de dar servizo, constituían un espazo de socialización.

Destaca pola súa beleza o **lavadoiro da Florida**. Consta dunha fonte de dous canos e un pío con cinco pedras para lavar a roupa. Os canos da fonte saen dun muro ameado e adornado cun escudo de armas dos Condes da Florida. A fonte é o vestixio principal do que foi o pazo dos condes da Florida que deu nome á aldea.



Outra representación tradicional moi común son os **petos de ánimas**, construcións de cantaría situadas nos camiños e encrucilladas nas que se representan escenas do purgatorio e que teñen na base un peto para as esmolos. Os donativos procuran a salvación das almas en pena, para que poidan alcanzar o descanso eterno e chegar ao Ceo. Unha vez alí, serán os mortos quen velen polo benestar de quenles fixeron a ofrenda.



Un dos exemplos máis destacados é o **peto de ánimas de Cacheiras**, que adoita estar decorado con flores e candeas depositadas polos veciños.



☒ Lavadoiro da Florida (arriba).

☒ Peto de ánimas de Cacheiras. Fotos do AMT.

BAMONDE

Nosa Señora	15	AGO
San Xurxo	23	ABR

CACHEIRAS

San Xosé		MAR
----------	--	-----

Domingo seguinte ó 19 de marzo.

Sta. Ma da Cabeza en Raxó		MAI-XUÑ
---------------------------	--	---------

*En función da Semana Santa.

San Simón de Ons	20-31	XUL
------------------	-------	-----

CALO

San Xoán	24	XUÑ
----------	----	-----

Os Milagres de Cornide		XUL
------------------------	--	-----

Primeira fin de semana.

Sto. Antonio de Solláns		SET
-------------------------	--	-----

Primeiro domingo de setembro.

O Carmelo (Ameneiro)	8-9	SET
----------------------	-----	-----

O Divino Espírito Santo		MAI
-------------------------	--	-----

Depende da Semana Santa.

LAMPAI

Festa da Encarnación	25	MAR
----------------------	----	-----

Sta. Ana (Agrela)		XUL
-------------------	--	-----

Último domingo.

LUCÍ

Sta. Mariña	18	XUL
-------------	----	-----

Ou a fin de semana próxima.

LUOU

Sta. Rita	22	MAI
-----------	----	-----

Sta. Margarida	20	XUL
----------------	----	-----

Nosa Señora	15	AGO
-------------	----	-----

San Bartolomeu	24	AGO
----------------	----	-----

OS TILOS

San Xoán	24	XUÑ
----------	----	-----

San Francisco de Asís	4	OUT
-----------------------	---	-----

OZA

Sta. Eufemia (Ribas)	16	SET
----------------------	----	-----

Sta. Baia	12	FEB
-----------	----	-----

Santísimo Sacramento	20 aprox.	XUL
----------------------	-----------	-----

San Miguel (Ribas)	29	SET
--------------------	----	-----

RARIS

San Xosé		ABR
----------	--	-----

Segunda semana de abril.

Sto. Cristo		XUL
-------------	--	-----

Primeira fin de semana de xullo.

Corpus Christi		XUL
----------------	--	-----

Principios de xullo.

San Miguel	29	SET
------------	----	-----

RECESENDE

San Xoán	24	XUÑ
----------	----	-----

REIS

San Cristovo	10	XUL
--------------	----	-----

Sto. Isidro	15-16	MAI
-------------	-------	-----

TEO

Nosa Señora	15	AGO
-------------	----	-----

Sta. Marta (Vilar)		AGO
--------------------	--	-----

Primeiro domingo de agosto.

O Carme (Mallos)	23-24	AGO
------------------	-------	-----

VILARIÑO

San Bieito	15	XUL
------------	----	-----

San Blas	3	FEB
----------	---	-----

OFICINA DE TURISMO DE TEO

Enderezo: Auditorio Constante Liste, Rúa da Lagoa, 2,
A Ramallosa, Lucí 15883 Teo A Coruña

Teléfono: +34 981 93 66 29

WhatsApp: +34 698 18 68 91

Web www.teo.gal/ www.turismo.teo.gal

Visite <https://teo.gal/gl/actividades> para coñecer as experiencias e actividades ofertadas polo Concello de Teo en tempo real. Son actividades de balde con prazas limitadas polo que cómpre facer inscricións online.

3 RUTAS PARA GOZAR DESTE PATRIMONIO

Camiño de Santiago Portugués



Lineal
6 km

DIFICULTADE
Doadada

INICIO DA RUTA
O Faramello

Percorrido de 6 km
entre O Faramello
e As Galanas que
forma parte da
última etapa do
Camiño de Santiago
Portugués.

Camiño da Geira e dos Arrieiros Braga-Santiago



Lineal
14,27 km
4 h

DIFICULTADE
Moderada

INICIO DA RUTA
Ponte
medieval de
Pontevea

Ruta cultural xacobeá
recoñecida polo
Cabido da catedral de
Santiago, o que permite
obter a "compostela", a
credencial que acredita
a peregrinación.

Apego das Muiñeiras de Luou



Ida e volta
2,54 km
30 min

DIFICULTADE
Baixa

INICIO DA RUTA
Carballeira
de Luou

Apego son rutas
accesibles pensadas
e deseñadas para
familias e persoas
con mobilidade
reducida.

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

- 1. Laxe de San Simón de Ons (Recesende)
- 2. Mámoa da Cova da Pereira (Cacheiras)
- 3. Mámoa de Trasellas (Luou)
- 4. Marco da Grela (Lampai)
- 5. Marco medieval do Porto (Lampai)
- 6. Necrópole megalítica do Monte Piquiño (Luou, Raris e Lampai)
- 7. Petróglifo do Outeiro do Corno (Luou)
- 8. Petróglifo do Río Angueira ou do Monte de Cornide (Luou)
- 9. Petróglifo do Río Angueira 2 (Luou)
- 10. Petróglifo da Pena Bícuda de Loureiro (Luou)
- 11. Petróglifos de Mallos na Devesa de Agromaioir (Sta María de Teo)

PATRIMONIO ETNOGRÁFICO


- 12. Antiga pousada de San Antoniño da Areeira (Calo)
- 13. A Burga de Xermeade (Reis)
- 14. Fonte das Barreiras (Calo)
- 15. Fonte e lavadoiro da Florida (Raris)
- 16. Fonte da Grela (Lampai)
- 17. Fonte e Lavadoiro de Campos (Teo)
- 18. Fonte e Lavadoiro de Noceda (Teo)
- 19. Fonte de Sta. Margarida de Loureiro (Luou)
- 20. Lavadoiro da Casalonga (Calo)
- 21. Pesqueiras de Bustelo (Reis)
- 22. Ponte colgante da Mariola no Xirimbao (Reis)
- 23. Ponte da Dorna (Teo)
- 24. Ponte de Caxade (Luou)
- 25. Ponte medieval de Pontevea BIC (Reis)
- 26. Pontella e lavadoiro sobre o río Tinto (Calo)
- 27. Ponte Nova (Raris)
- 28. Pontella de Paradela ou de Francos (Calo)
- 29. Túnel de Faramello (Calo)

PATRIMONIO ECLESIASTICO

- 30. Capela e cruceiro do Espírito Santo (Calo)
- 31. Cruceiro de Francos (Calo)
- 32. Igrexa e vía crucis de San Xoán (Calo)
- 33. Capela das Milagres e dos Desamparados (Calo)
- 34. Capela e fonte de Sta. Ana (Lampai)
- 35. Casa reitoral (Bamonde)
- 36. Ermida e cruceiro de Sta. Eufemia (Oza)
- 37. Igrexa de San Cristovo (Reis)
- 38. Igrexa e cruceiro de San Miguel (Raris)
- 39. Igrexa, cruceiro, vía crucis de San Simón de Ons (Cacheiras)
- 40. Igrexa, cruceiro brasonado e laudas medievais de San Tomé (Vilariño)
- 41. Igrexa de San Xoán (Recesende)
- 42. Igrexa de Sta. Baía (Oza)
- 43. Igrexa e cruceiro de Sta. María (Bamonde)
- 44. Igrexa de Sta. María (Lampai)
- 45. Igrexa e cruceiros de Sta. María (Luou)
- 46. Igrexa e cruceiro de Sta. María (Teo)
- 47. Igrexa de Sta. Mariña (Luci)
- 48. Peto de ánimas (Cacheiras)
- 49. Peto de ánimas e cruceiro de Raxó (Cacheiras)
- 50. Santuario e Ermida da nosa Sra. da Consolación e Sta. María da Cabeza (Cacheiras)
- 51. Capela - Santuario de Santa Marta e cruceiro (Sta María de Teo)

PATRIMONIO NATURAL

- 52. Área de lecer do Recobio (Bamonde)
- 53. A Figueira de Rosalia (Luou)
- 54. Área recreativa A Tomada (Calo)
- 55. Área recreativa de Mouromorto (Calo)
- 56. Área recreativa do Xirimbao (Reis)
- 57. Carballeira de Francos (Calo)
- 58. Devesa de Agromaioir (Teo)
- 59. Fervenza do río Tella (Oza)
- 60. Fraga de Sestelo (Raris)
- 61. Miradoiro da Pena da Grela (410 m) (Lampai)
- 62. Miradoiro do Cumio de Montouto (339 m), Pena Escorredia e punto xeodésico (Cacheiras)
- 63. Río Ulla do Sistema fluvial Ulla - Deza (LIC e ZEC) Rede Natura 2000
- 64. Sequoias do Xirimbao (árbores senlleiras) (Reis)
- 65. Xardín do Recordo no Faramello (Calo)





PATRIMONIO
ETNOGRÁFICO



CONCELLO DE TEO

turismo.teo.gal

